

Nos distintos tipos de contidos que crea Ardora se poden incluír arquivos multimedia, tanto de audio como de video.

AUDIO: Por exemplo, nas actividades interactivas, xunto coas mensaxes de "felicitación" ou "erro" pódese incluír un arquivo de audio que "soe" cando se produce a "felicitación" ou o "erro".



Os arquivos de audio que pode empregar son "**mp3**" e/ou "**ogg**", incluíronse estes dous tipos debido a que, no momento de crear este manual, non todos os dispositivos e navegadores os reproducían indistintamente (algún navegador dunha tablet con Android unicamente funcionaba con ogg), non obstante, se os contidos elaborados van ir encamiñados a ser vistos nun determinado tipo de navegador e dispositivo con especificar un sería suficiente, (nun PC, con Windows ou Linux e con Mozilla-Firefox como navegador poderíase indicar unicamente o mp3), co paso do tempo e a adaptación aos estándares do HTML5 (adoptados por Ardora) a elección do tipo de arquivo de audio será xa só cuestión "de gustos", mentres isto non acontece, se o que quere é que "se escoite" en calquera dispositivo, sistema operativo e calquera navegador cre os dous tipos de arquivos (isto é moi sinxelo con programas como Audacity ou Format Factory).

Este programa está especializado na creación e edición de arquivos de audio multiplataforma (existen versións para Linux, Windows ou Mac).




especializado na creación e edición de arquivos de audio multiplataforma (existen versións para Linux, Windows ou Mac).


O lugar de descarga <http://audacity.sourceforge.net> aínda que se vostede ten un equipo con Linux, o máis normal é que os repositorios da súa distribución incorporen esta ferramenta.

Unha vez instalado Audacity, aínda nos queda un paso importante para poder exportar arquivos en formato MP3. Por cuestións de patentes, Audacity non pode incluír no seu paquete de instalación os códecs necesarios para poder codificar arquivos en formato MP3, polo que é necesario descargar e instalar unha librería a maiores para poder traballar ó 100% con arquivos MP3. Esta librería chámase "lame_enc.dll".


Se traballamos cunha pista de audio e queremos exportala a MP3, Audacity vai presentar a seguinte mensaxe de erro:



Así pois, pulsamos no botón “Descargar” e abrírase o navegador amosando a seguinte páxina:



Facemos clic no enlace que se sinala na imaxe e este levaranos á páxina de descargas da librería:



Aquí temos un par de opcións. A máis recomendable é elixir descargar a primeira (arquivo executable .exe).

Unha vez descargado o arquivo nalgún sitio do noso equipo, facemos dobre clic sobre o mesmo para executalo e seguimos as instrucións que van aparecendo en pantalla dándolle sempre a “Seguinte” e aceptando todo o que nos propoñan ata que remate a instalación.


Unha vez feito isto volvemos ó Audacity e á xaneliña “Localizar lame” (na que pulsamos o botón de “Descargar”).

NOTA: Se por calquera cousa tivéramos pechada esa xanela, teriamos que ir ó menú “Editar > Preferencias”, na lista da esquerda seleccionar “Bibliotecas” e pulsar no botón “Ubicar...” á dereita de “Biblioteca MP3.”


Pulsaremos no botón “Explorar” e abrirase un explorador para que lle indiquemos a Audacity onde está localizada a librería. Teremos que facer dobre clic nos elementos:

- Disco local (C)
- Archivos de programa (x86)
- Lame For Audacity

Teranos que aparecer a librería en cuestión:




Seleccionámola, pulsamos no botón “Abrir” e a ruta á librería aparecerá na xanela “Localizar lame”:



Aceptamos nesta xanela e na anterior e xa temos a Audacity preparado para traballar con arquivos MP3 de aquí en diante.


Crear audio con Audacity: É tan sinxelo como conectar un micrófono ao noso ordenador, abrir Audacity, menú Archivo e seleccionar novo.

Como nos vellos "cassettes" temos un botón (punto vermello) de gravación, un botón de parada (cadrado) e os botóns de "play" ou "pausa".




Unha vez finalizada a gravación teremos o noso audio graficamente na pantalla en forma de ondas, observe que co rato se poden seleccionar fragmentos que logo poden ser borrados, copiados, pegados...


Así mesmo o programa permite unha cantidade importante de "efectos" que aplicar sobre o propio audio.



Unha vez que o audio é do noso agrado tan só habemos de ir ao menú "Archivo" e pulsar en "exportar", na ventá que aparece fíxese no tipo de arquivo que quere conseguir, con volver seleccionar "exportar" e indicar o outro tipo de arquivo terá o mesmo audio nos dous formatos que lle garante o correcto funcionamento dos seus contidos en calquera situación.



VÍDEO: No caso do vídeo atopámonos cunha situación moi similar, os dous tipos de arquivos de vídeo máis comúns en html5 son o **mp4** (co códec **avc(H264)**) e o **ogg de vídeo** (moitos arquivos aparecen coa extensión ogv).




Para conseguir un arquivo nun destes formatos debemos tamén de recorrer a algún programa que nos facilite a conversión, en Windows, unha boa opción é "Format Factory" **dispoñible gratuitamente** en: <http://www.pcfreetime.com/> Para Linux, unha opción é "**Arista**". <http://transcoder.org/>



Unha vez instalado, os pasos a seguir en "**Format Factory**" son moi sinxelos:

1. - Seleccione a opción de Video e faga clic no botón "-> **MP4**".
2. - Na nova pantalla que aparece faga clic sobre "**Axustar Saída**".

3. - Na nova ventá que aparece, no apartado de "Codificador de vídeo" debemos de seleccionar **H264**, en concreto AVC(H264).




4. - Unha vez indicado isto tan só

teremos que **agregar o arquivo** (ou arquivos) que queiramos cambiar de formato e pulsar no botón "aceptar".

5. - Ao volver á pantalla de inicio deberá de aparecer o noso arquivo ou arquivos, pulsaremos no botón "**Iniciar**" e deixaremos que o programa faga o seu traballo.



6. - Ao finalizar poderemos ver os arquivos convertidos na "**Carpeta de saída**".



O proceso con Aresta é moi similar (debemos de seleccionar "Web browser - H264"). Fíxese que ambos os dous programas presentan a posibilidade de converter DVD de vídeo a arquivos neste formato.